



## a custodia fluvial

O Proxecto Ríos ofrece a posibilidade de que aqueles grupos que desexen un nivel de compromiso maior na conservación dos ríos poidan desenvolver proxectos de custodia fluvial.

A custodia fluvial é unha modalidade de custodia do territorio, novo e crecente movemento de conservación, que implica á sociedade e faina partícipe dun proxecto de conservación da nosa paisaxe e do noso patrimonio natural e cultural, promovendo un uso responsable dos seus recursos.

O ámbito de actuación son todos os ríos galegos

auga  
educación ambiental  
participación  
custodia fluvial  
patrimonio etnográfico  
voluntariado ambiental  
conservación  
ríos

proxecto ríos

+ info  
Travesa de Basquiños, 9 baixo  
15073 Santiago de Compostela  
info@proxectorios.org  
www.proxectorios.org  
tlf. 981 57 00 99

Iniciativa



Financia



fotos: Ramsés Pérez. Deseño: magenta



proxecto ríos  
unimos ríos e persoas

## PROXECTO RÍOS

O Proxecto Ríos é unha iniciativa de educación e voluntariado ambiental promovida por ADEGA, que pretende involucrar á cidadanía na conservación dos ecosistemas fluviaes, proporcionando ferramentas que garantan a súa participación. A finalidade é crear unha rede de cidadáns comprometidos cos cursos fluviaes que desenvolvan actividades de coñecemento, vixilancia e protección dun treito de río.

A participación no Proxecto Ríos, tanto a nivel particular como dende diferentes entidades, concrétase na realización de dúas inspeccións de río, unha en primavera e outra en outono. As inspeccións consisten na análise das características biolóxicas, fisicoquímicas, hidromorfolóxicas e patrimoniais dos ecosistemas fluviaes, empregando os materiais proporcionados de forma gratuíta polo Proxecto Ríos. Cos datos obtidos elabórase anualmente o informe de Estado de saúde dos ríos galegos.



O Proxecto Ríos iniciou a súa andaina no 2005 e conta con 300 grupos de voluntariado



proxecto ríos

As limpezaas simultáneas de río son algunhas das actividades complementarias

## actividades formativas para capacitar ao voluntariado ambiental no desenvolvemento do proxecto

**Charlas divulgativas:** palestra informativa e explicativa do Proxecto Ríos, destinada a aqueles grupos que inician a súa andaina no proxecto.

**Saídas formativas:** inspección guiada no treito de río escollido polo grupo coa finalidade de explicar a metodoloxía da inspección polo miúdo.

**Cursos de formación:** xornada destinada a fornecer aos participantes dos coñecementos básicos na identificación de macroinvertebrados, especies bioindicadoras indispensábeis nas inspeccións de río, así como outras temáticas relacionadas cos ecosistemas fluviais.

**Encontros de voluntariado:** espazo onde o voluntariado que está a participar no proxecto pode compartir as experiencias que se están a desenvolver dentro do proxecto.



O voluntariado elixe o río no que quere traballar

## sumando iniciativas que aumentaron o caudal do Proxecto Ríos

**Roteiríos:** programa de itinerarios que pretende unir ríos e persoas, achegando os cursos fluviais á cidadanía nun ambiente lúdico para dar a coñecer o seu patrimonio natural, cultural e social.

**Limpeza simultánea de ríos:** actividade de conservación dos cursos fluviais relacionada coa retirada de lixo. A limpeza de ríos desenvólvese en colaboración con concellos e distintas entidades sociais e ambientais.

**Ríos de Lingua e Cultura:** proxecto que busca a recuperación de nomes de flora, fauna e saberes asociados aos cursos fluviais e aos seus habitantes,



Os roteiríos achéganos tamén ao extenso patrimonio cultural asociado aos ríos

achegando así á cidadanía ao rico patrimonio que posúe a nosa lingua e cultura.

**Campos de voluntariado ambiental:** programas de acción voluntaria vinculados aos ecosistemas fluviais. O Proxecto Ríos organiza xornadas de voluntariado ambiental onde proporcionar á sociedade a posibilidade de participar na conservación e mellora dos nosos ríos.



**Proxecto Castieixas:** proxecto de restauración de pozas e regos tradicionais co obxecto de recuperar este patrimonio e a súa vez favorecer a cría de anfibios, que por mor do abandono do medio rural, están a desaparecer.

**Especies exóticas invasoras:** ante a silandeira ameaza que supón a introdución de especies exóticas invasoras, editáronse novas fichas de flora e fauna exóticas, cos obxectivos de inventariar a súa presenza nos nosos ríos e de divulgar a súa problemática a nivel global.

**Rede Ibérica Proxecto Ríos:** O Proxecto Ríos participou na creación da rede Ibérica de Proxectos Ríos que pretende consolidar o contacto permanente entre os Proxectos de Cataluña (Assosiasió Hábitats), Galiza (ADEGA), conca do Júcar (Fundación Limme), Cantabria (CIMA), Madrid (Territorios Vivos), Bierzo-Laciana (Fundación Ciudad de la Energía) e Portugal (ASPEA). Tamén é membro activo dos seminarios permanentes en voluntariado en ríos e ribeiras, coordinados polo CENEAM.

Os campos de eliminación de flora exótica invasora son un exemplo de custodia fluvial